



IV TRAVESÍA A NADO “CONCELLO DE ARTEIXO” Memorial Marina Álvarez

SÁBADO, 31 DE XULLO ÁS 11.00 HORAS.

PUNTUABLE PARA O CIRCUITO GALEGO DE AUGAS ABERTAS

ORGANIZACIÓN.

A IV edición da TRAVESÍA A NADO “CONCELLO DE ARTEIXO”, rexeráse polo código deportivo e a normativa de competicións de longa distancia da Federación Española de Natación e polo presente regulamento particular.

PARTICIPACIÓN.

Poderán participar na proba nadadores federados e non federados.

Para puntuar no Circuito Galego de Longa Distancia é necesario estar FEDERADO, con licencia en vigor na presente tempada en calquera das disciplinas que integran a FEGAN (Federación Galega de Natación), e nadar o percorrido de 2500 m.

CATEGORÍAS (federados e non federados).

PERCORRIDO A: 2500 metros

- Cat. 1: Masculino ano 91 e anteriores
- Cat. 2: Feminino ano 93 e anteriores
- Cat. 3: Masculino ano 92 e posteriores
- Cat. 4: Feminino ano 94 e posteriores

PERCORRIDO B: 800 metros

- Cat. 5: Masculino ano 93 e anteriores
- Cat. 6: Feminino ano 95 e anteriores
- Cat. 7: Masculino anos 94 a 96
- Cat. 8: Feminino anos 96 e 97
- Cat. 9: Masculino ano 97 e posteriores
- Cat. 10: Feminino anos 98 e posteriores



Todos os nadadores/as que desexen puntuar no Circuito Galego de Augas Abertas, deben inscribirse como categoría 1, 2, 3 ou 4, e nadar polo tanto o percorrido de 2.500 metros, deixándoo claro no momento da inscrición, aspirando só ós premios reservados para ditas categorías.

PERCORRIDO.

A saída darase na **Praia de Suevos (Arteixo)**, na orde seguinte: Percorrido B e unha vez finalizado este sairán os do Percorrido A.

O **percorrido A** consistirá nun triángulo con 3 boias de obrigado paso

O **percorrido B** consistirá nun triángulo formado pola saída e dúas boias de obrigado paso.

A meta, debidamente sinalizada estará situada na praia. Unicamente será válida a chegada no lugar establecido como meta.

INSCRICIÓN.

As inscricións poderanse efectuar na Piscina Municipal de Arteixo en horario de 12 a 14 horas pola mañá e de 18 a 20 horas pola tarde, a través do correo do clube, info@natacionarteixo.com, pedindo confirmación de lectura, e cubrindo o formulario que se anexa a esta normativa ou ben no teléfono do clube **652542548**, **antes do 29 de xullo de 2009**.

No momento da inscrición será necesario detallar en que categoría e recorrido se quere participar.

Asemade, os nadadores non federados menores de 18 anos necesitarán autorización paterna ou materna para inscribirse. No caso de inscricións por teléfono, a presentación de documentos realizarase o día da travesía.

A inscrición na travesía é gratuíta e supón a aceptación do presente regulamento quedando reservado o dereito de admisión.

3º MEMORIAL "MARINA ÁLVAREZ".

Disputaranse dous trofeos reservados para os nadadores do Clube LEYMA Natación Arteixo, e recoñecerase ao primeiro, sexa nadador ou nadadora clasificados de cada recorrido da travesía.

DESENVOLVEMENTO DA PROBA E XURADO.

A proba estará controlada polo Comité Galego de Árbitros de Natación, sendo a súa competencia a resolución de calquera cuestión ou recurso que apareza no desenvolvemento da competición.



Os nadadores, adestradores e delegados dos clubs participantes concentraranse no lugar da proba antes das 10.00 horas da mañá para a entrega de documentación.

A efectos de identificación cada participante recibirá da organización un gorro numerado, polo que será necesario acreditar a personalidade con algún documento oficial. Este gorro deberá colocarse antes de comezar a travesía e non retiralo ata finalizar a mesma.

A organización poderá pechar a chegada da proba 15 minutos despois da chegada do grupo principal de nadadores. Neste caso os nadadores serán recollidos pola organización e trasladados á liña de meta.

Queda prohibida a utilización de axudas externas coma aletas, flotadores, neoprenos e similares.

A Travesía contará en materia de seguridade coa colaboración de Protección Civil Arteixo.

A composición dos percorridos poderá variar por mor da climatoloxía e das condicións do mar

PREMIOS.

- Trofeos para o 1º, 2º e 3º de cada categoría.
- Trofeo ao participante máis mozo e o máis veterano que remate a proba.
- **Premio único de 300 euros ó gañador absoluto da travesía (Percorrido A).**
- Premios en metálico:
 - Cat. 1: 1º- 75 €, 2º- 40 €, 3º- 25 €.
 - Cat. 2: 1º- 75 €, 2º- 40 €, 3º- 25 €.
 - Cat. 3: 1º- 75 €, 2º- 40 €, 3º- 25 €.
 - Cat. 4: 1º- 75 €, 2º- 40 €, 3º- 25 €.
 - Cat. 5: 1º- 60 €, 2º- 35 €, 3º- 20 €.
 - Cat. 6: 1º- 60 €, 2º- 35 €, 3º- 20 €.
 - Cat. 7: 1º- 60 €, 2º- 35 €, 3º- 20 €.
 - Cat. 8: 1º- 60 €, 2º- 35 €, 3º- 20 €.
 - Cat. 9: Material deportivo valorado en 1º- 50 € 2º- 35 €, 3º- 20 €.
 - Cat. 10: Material deportivo valorado en 1º- 50 €, 2º- 35 € 3º- 20 €.
- Trofeos do Memorial "Marina Álvarez".

NOTA.

Os premios non son acumulables entre si.

A tódolos participantes entregaráselles un agasallo conmemorativo da travesía, e un gorro numerado.



Anexo.

Formulario de inscrición.

(A encher por federados e non federados)

Apelidos, Nome	Sexo (M/F)	Data. Nac. (aaaa/mm/dd)	Categoría	Distancia

(A encher só para federados)

Código de licenza	Código do Clube	Nome do clube